

Resolución reitoral do 20 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da 2.^a edición do Programa “Bolsas Santander Axuda Económica para Prácticas 2026” e se procede á súa convocatoria para o curso 2026/27.

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	2
Artigo 1. Obxecto das bolsas	2
Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes	2
Artigo 3. Número de bolsas, contía e financiamento	3
CAPÍTULO II. SOLICITUDE E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN	3
Artigo 4. Presentación de solicitudes	3
Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes	3
Artigo 6. Documentación requirida	3
Artigo 7. Listaxe provisional e definitiva de persoas admitidas e excluídas.....	5
Artigo 8. Avaliación de solicitudes.....	5
Artigo 9. Adxudicación e prazo de reclamacións.....	6
CAPÍTULO III. ACEPTACIÓN DAS BOLSAS E PAGAMENTO	7
Artigo 10. Aceptación das bolsas.....	7
Artigo 11. Pagamento das bolsas	8
CAPÍTULO IV. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTOS	8
Artigo 12. Incompatibilidades.....	8
Artigo 13. Obrigas.....	8
Artigo 14. Incumprimentos.....	9
CAPÍTULO V. COMISIÓN DE SELECCIÓN	10
Artigo 15. Comisión de selección.....	10
Artigo 16. Interpretación	10
CAPÍTULO VI. PROTECCIÓN DE DATOS.....	10
Artigo 17. Protección de datos	10
Disposición adicional primeira. Información.....	12
Disposición derradeira primeira. Recursos	13
Disposición derradeira segunda. Eficacia	13

PREÁMBULO

De acordo co documento de adhesión asinado entre o Banco Santander S. A. e a Universidade da Coruña (UDC), convócase a 2.^a edición do Programa de “Bolsas Santander Axuda Económica para Prácticas 2026”.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto das bolsas

Estas bolsas enténdense en concepto de axuda complementaria que recibirá cada estudante beneficiario/a para contribuír a sufragar os custos derivados da realización de prácticas profesionais externas xa realizadas, en proceso ou pendentes de realización, xa sexan curriculares ou extracurriculares, que comecen e rematen durante o ano 2026.

Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado/a a tempo completo na UDC no curso 2026/27, nun grao, posgrao ou mestrado universitario oficial, e ao corrente dos pagamentos correspondentes.
- b) O estudantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a condición de residente, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España.
- c) Ter realizadas as prácticas obxecto deste programa, estar a realízalas ou ter sido seleccionado/a, no momento da inscrición, para realizar unha práctica profesional externa curricular ou extracurricular da UDC que comece e remate durante o ano 2026, xa sexa remunerada ou non remunerada.
- d) Facer unha dobre inscrición:
 - i. estar inscrito/a na plataforma de bolsas do Santander correspondente ao Programa de “Bolsas Santander Axuda Económica para Prácticas 2026 II Edición”, cuxa ligazón se indica no artigo 4.1 desta convocatoria, e
 - ii. estar inscrito/a na UDC a través dun formulario cuxa ligazón se indica no artigo 4.2. e achegar na solicitude a documentación descrita no artigo 6 desta convocatoria.

Artigo 3. Número de bolsas, contía e financiamento

- a) Nesta 2.^a edición do Programa, a UDC e o Banco Santander convocan **95 bolsas** para o estudantado, segundo os requisitos que establece esta convocatoria.
- b) Os fondos destinados a estas bolsas serán dun total de **47.500 €**, financiados polo Banco Santander dentro do convenio asinado coa UDC e irán con cargo á partida orzamentaria **030A.25.00.05 422D 480.00**. A contía bruta de cada bolsa será de **500 €**.

CAPÍTULO II. SOLICITUDE E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Artigo 4. Presentación de solicitudes

O estudantado que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria deberá tramitar a inscrición facendo a solicitude da bolsa por dúas vías: na plataforma de bolsas do Banco Santander e no formulario de inscrición da UDC, segundo o seguinte procedemento:

1. Realizar o rexistro previo na plataforma de bolsas do Banco Santander, na convocatoria específica para estas bolsas. A ligazón da plataforma do Santander para solicitar este programa é:

<https://app.santanderopenacademy.com/es/program/ayuda-economica-para-practicas-2026-ii-edicion>

2. Presentar a solicitude na UDC enchendo o formulario en liña dispoñible no seguinte enderezo web:

<https://www.udc.gal/emprego/bolsas-complementos-practicas/>.

O procedemento é integramente telemático.

Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes ou de inscrición neste programa estenderase desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC (TEO) até o día 02/10/2026 (ás 23:59 h).

Artigo 6. Documentación requirida

Na inscrición pola parte da UDC, cuxa ligazón se indica no artigo 4.2, o estudantado solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- a) No caso de cidadáns doutros países, o documento de identificación de estranxeiros (NIE). Non será válida a solicitude con pasaporte.
- b) O estudantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a súa condición de residente, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España.
- c) De ser o caso, o certificado de discapacidade igual ou superior ao 33 % e o anexo I da convocatoria cuberto e asinado.
- d) O documento vinculado á realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares, remuneradas ou non, obxecto das bolsas, segundo as seguintes casuísticas:
 - i. Documento acreditativo de finalización das prácticas externas, para o que se utilizará o modelo de xustificación ao que se pode acceder desde a seguinte ligazón:
<https://www.udc.gal/emprego/bolsas-complementos-practicas/>, correctamente asinado polo/a titor/a académico/a ou persoa responsable do centro de estudos da UDC,
 - ii. Documento acreditativo de que se están a realizar prácticas externas ou de ter sido seleccionado/a para realizalas, achegando o correspondente documento de plan formativo de prácticas correctamente asinado polas persoas titoras e o/a estudante, ou ben o modelo que figura como anexo II desta convocatoria correctamente asinado polo/a titor/a académico/a ou persoa responsable do centro de estudos da UDC.
- e) A inscrición por parte da UDC inclúe o apartado de “Declaración responsable”, que o estudantado solicitante ten que aceptar.
- f) No caso de titulacións obtidas fóra da UDC, a certificación do expediente académico dos estudos de grao e, no caso de estudos de mestrado oficial, a certificación do grao que lle deu acceso; en ambos os casos calculada a nota media en base 10. No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, ademais do certificado do expediente académico en que conste a cualificación mínima aprobatoria, débese presentar asinado o documento de declaración de equivalencia das notas medias de estudos realizados aos correspondentes españois, que se realizará en liña a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes:
https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

Poderá requirírselles ás persoas solicitantes a presentación da documentación orixinal.

Artigo 7. Listaxe provisional e definitiva de persoas admitidas e excluídas

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade (VEE) procederá á súa revisión para comprobar que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 2 e 4 e publicará no TEO da UDC unha listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto cos motivos da súa exclusión.
2. A partir do día seguinte á publicación da listaxe provisional no TEO, abrirase un prazo de catro días hábiles para corrixir erros ou falta de documentación, segundo o procedemento que se indicará coa publicación desta listaxe provisional de solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se emenden os erros ou se envíe a documentación indicada, considerarase que a persoa afectada desiste da súa solicitude.

Artigo 8. Avaliación de solicitudes

1. Unha vez revisadas as alegacións, a avaliación de solicitudes será realizada pola comisión de selección segundo os seguintes criterios:
 - a) Ter unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, debidamente xustificada mediante a presentación do certificado oficial correspondente.
 - b) Ter sido beneficiario/a dunha bolsa socioeconómica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes no curso 2025/26.
 - c) A natureza da práctica: curricular non remunerada, extracurricular non remunerada, curricular remunerada ou extracurricular remunerada.
 - d) A nota media do expediente académico.
2. A asignación das bolsas rexerase pola seguinte orde de prioridade:
 - a) En primeiro lugar, terán preferencia as persoas solicitantes que acrediten unha situación de discapacidade.
 - b) En segundo lugar, terán preferencia as persoas beneficiarias da bolsa do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.
 - c) A continuación, atenderase á tipoloxía da práctica para a que se solicita a bolsa, coa seguinte prelación:
 1. Prácticas curriculares non remuneradas.

2. Prácticas extracurriculares non remuneradas.
 3. Prácticas curriculares remuneradas.
 4. Prácticas extracurriculares remuneradas.
- d) Dentro de cada un dos grupos anteriores, as solicitudes ordenaranse de acordo coa nota media do expediente académico.

En caso de empate na nota media do expediente académico, procederase ao desempate coa seguinte orde de prelación:

1. Maior número de matrículas de honra.
2. Maior número de sobresalientes.
3. Maior número de notables.
4. Maior número de aprobados.

Artigo 9. Adxudicación e prazo de reclamacións

1. A comisión de selección elaborará a proposta de listaxe provisional de persoas coas bolsas concedidas, denegadas coa mención da causa de denegación e, de existir, a listaxe de agarda, que se aplicará nos casos de renuncias. Esta listaxe será publicada no TEO da UDC.
2. A partir do día seguinte á publicación da listaxe provisional no TEO, abrirase un prazo de catro días hábiles para presentar alegacións, segundo o procedemento que se indicará na devandita publicación.
3. Unha vez que a comisión de selección revise as alegacións, no caso de habelas, enviaralle a proposta de listaxe definitiva á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, que adxudicará as bolsas mediante unha resolución que se publicará no TEO e conterá a listaxe definitiva de bolsas concedidas e, de existir, a listaxe de agarda para o caso de se produciren renuncias.
4. As persoas adxudicatarias da bolsa deberán aceptala segundo se indique na resolución definitiva e no artigo 10 desta convocatoria.
5. Contra esta resolución, que pon fin ao proceso administrativo, poderá presentarse un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ambos os prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á súa publicación no TEO.

CAPÍTULO III. ACEPTACIÓN DAS BOLSAS E PAGAMENTO

Artigo 10. Aceptación das bolsas

1. As persoas adxudicatarias deberán confirmar obrigatoriamente a súa aceptación coa data límite que se indicará na resolución de adxudicación. A aceptación da bolsa por parte do estudantado beneficiario deberá realizarse necesariamente a través das dúas vías previstas, polo que non será válida a realización por unha soa delas:

- i. aceptación da bolsa na plataforma de Bolsas do Santander, e
- ii. aceptación da bolsa para a UDC, segundo o indicado na resolución da adxudicación definitiva.

As persoas beneficiarias da bolsa que, no momento da solicitude, non comezasen ou non rematasen as prácticas, deberán presentar o documento acreditativo de finalización das prácticas nun prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data límite de aceptación das bolsas ou, se as prácticas finalizan despois desa data, desde o día seguinte á data de finalización da práctica. Para isto, utilizarán o formulario e o modelo de documento acreditativo, correctamente asinado polo/a titor/a académico/a ou persoa responsable do centro de estudos da UDC, aos que se pode acceder desde a seguinte ligazón:

<https://www.udc.gal/emprego/bolsas-complementos-practicas/>.

2. No caso de non aceptar a bolsa dentro do prazo establecido, entenderase que a persoa renuncia e non se lle aboará a bolsa.
3. Se todas as bolsas fosen outorgadas e algunha persoa non confirmase a súa aceptación a través da plataforma de bolsas do Santander ou do xeito que se estableza para a UDC, a Universidade terá un prazo de catro días hábiles para volver asignar esas bolsas ao estudantado que estea na listaxe de agarda consonte os criterios de selección establecidos no artigo 8 desta convocatoria.
4. As novas persoas adxudicatarias, logo de seren notificadas por parte da UDC, disporán de tres días hábiles para completar a súa aceptación tanto na plataforma de bolsas do Santander como no sitio correspondente arbitrado pola UDC, que se indicará na resolución de adxudicación das bolsas.

Artigo 11. Pagamento das bolsas

1. O importe da bolsa será aboado pola UDC mediante unha transferencia bancaria na conta indicada pola persoa adxudicataria da bolsa.
2. A conta bancaria debe ser persoal e estar debidamente acreditada cun certificado de titularidade bancaria correctamente cuberto, asinado e selado polo banco ou ben, o correspondente certificado obtido a través da banca en liña (se fose o caso).
3. A conta bancaria deberá estar rexistrada na Sede Electrónica da UDC, dentro do prazo de aceptación da bolsa, no apartado de “Xestión de terceiros”:

https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/xestion_terceiros/new.

CAPÍTULO IV. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTOS

Artigo 12. Incompatibilidades

1. A percepción da bolsa obxecto do Programa será compatible coa de calquera outro tipo de axuda de carácter asistencial á que poida acceder o/a estudante que sexa de natureza distinta, calquera que for a súa orixe, pública ou privada. Serán incompatibles coas bolsas da Fundación Empresa-Universidade Galega FEUGA, Fundación Universidade da Coruña (FUAC), Fundación Universidad Empresa (FUE) ou outras de carácter similar para a mesma finalidade.
2. Non será compatible coa percepción de salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou calquera tipo de ingresos percibidos pola prestación de servizos profesionais ou a realización dun traballo remunerado, cando supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao 30 % do salario mínimo interprofesional no curso académico.
3. Non poderá encontrarse nalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. A percepción da bolsa nesta 2.^a edición do Programa é incompatible coa percepción da bolsa en calquera das edicións anteriores do ano 2025 e do ano 2026.

Artigo 13. Obrigas

Sen prexuízo do resto de obrigas e dereitos que se establezan nesta convocatoria, o estudantado adxudicatario terá que cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Inscribirse na plataforma de Bolsas Santander e na plataforma da UDC segundo o prazo establecido e o indicado nos artigos 4.1 e 4.2.

- b) Aceptar a bolsa na plataforma de bolsas do Santander e no sitio correspondente indicado para a UDC dentro do prazo establecido e segundo o disposto no artigo 10.
- c) Presentar o certificado de titularidade bancaria segundo o establecido para este caso na resolución da adxudicación das bolsas. No caso de que a persoa adxudicataria non dispoña dunha conta debidamente acreditada e/ou que non se rexistre segundo o indicado na devandita resolución dentro do prazo indicado, considerarase que a persoa adxudicataria renuncia á bolsa concedida, polo que se lle asignará á seguinte persoa da listaxe de agarda.
- d) No caso de aceptación da bolsa, entregar o documento acreditativo de finalización da práctica dentro do prazo establecido e segundo o disposto no artigo 10.
- e) A persoa bolseira está obrigada a comunicarlle á Unidade de Emprego UDC da VEE (emprego.vee@udc.gal) a súa renuncia á bolsa se durante o proceso:
 - 1. Se producen cambios na súa situación que fosen incompatibles coa percepción da bolsa segundo se establece no artigo 12,
 - 2. cause baixa das prácticas que está a realizar, ou
 - 3. que, a pesar de estar seleccionada polo seu centro, non chegue a iniciais.No documento de renuncia, que figurará na resolución da adxudicación das bolsas, é obriga da persoa adxudicataria da bolsa explicar as razóns da súa renuncia. A presentación da renuncia implicará que non se realice o ingreso do importe da bolsa de non telo percibido xa no momento da renuncia ou o deber de reintegralo no suposto de telo percibido.

Artigo 14. Incumprimentos

- 1. A presentación da solicitude implica a aceptación destas bases. Calquera incumprimento neste sentido suporá a devolución da bolsa recibida.
- 2. O incumprimento do prazo de aceptación da bolsa tanto a través do sitio web de bolsas do Santander como no sitio correspondente á UDC suporá a anulación da adxudicación.
- 3. O incumprimento da presentación dentro do prazo, establecido no artigo 11, do certificado de titularidade bancaria e do rexistro da conta persoal do estudantado beneficiario en “Xestión de terceiros” na Sede Electrónica da UDC, suporá a anulación da adxudicación.

4. O incumprimento das obrigas indicadas nas bases desta convocatoria e/ou nas bases reguladoras do Banco Santander determina que o estudantado afectado terá que devolver a contía da bolsa de tela percibido.
5. O incumprimento da entrega do documento acreditativo de finalización das prácticas, establecido no artigo 10, suporá a anulación da adxudicación e, de ser o caso, a devolución da contía da bolsa.

CAPÍTULO V. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Artigo 15. Comisión de selección

A comisión de selección estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: o/a vicerreitor/a de Estudiantes e Empregabilidade, ou a persoa en quen delegue.
- Vogal 1: o/a adxunto/a á Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade, ou a persoa en quen delegue.
- Vogal 2: Janet Fernández López, persoal técnico da Unidade de Emprego da UDC.
- Vogal 3: Yaser Enmanuel Pineda Maríñez, representante do estudantado.
- Secretaria: Susana Aurora Gándara Carro, persoal técnico da Unidade de Emprego da UDC.

Artigo 16. Interpretación

A comisión de selección está habilitada para interpretar e resolver cantas cuestións xurdan da aplicación desta resolución, e procederá, se é preciso, a propoñer á vicerreitora de Estudiantes e Empregabilidade a publicación das instrucións necesarias para o seu desenvolvemento e cumprimento.

CAPÍTULO VI. PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 17. Protección de datos

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD),

inórmase de que os datos facilitados na concorrência a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña, cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <rpd@udc.gal>.

A UDC será responsable de verificar o cumprimento dos requisitos expostos nesta convocatoria sobre a base dos datos persoais da persoa solicitante da bolsa que está dispoñible na propia UDC.

A finalidade do tratamento dos datos persoais da persoa solicitante é a xestión das bolsas que se regulan nesta convocatoria e a utilización dos seus datos de contacto para a comunicación doutras accións relacionadas coa Unidade de Emprego que poidan considerarse do seu interese. A presentación da solicitude dunha bolsa ao abeiro desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan tratados pola UDC, de acordo coa LOPD e con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPDP, coas finalidade indicadas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

No caso de que a UDC teña que recompilar información persoal particularmente sensible das persoas candidatas, incluído calquera certificado ou documentación que a UDC considere necesarios, farao de acordo coas regulacións aplicables con respecto á protección de datos persoais vixentes. Estes documentos serán custodiados exclusivamente pola UDC.

A UDC non proporcionará ningún dato persoal sensible das persoas candidatas ao Banco Santander S. A. nin a ningunha das súas subsidiarias. A UDC non proporcionará ningún dato, indicio ou documento que lle poida permitir ao Banco Santander S. A. ou a calquera das súas subsidiarias a posibilidade de deducir/inferir ou identificar dalgunha forma calquera dato persoal sensible. Desta maneira, nin o Banco Santander nin ningunha das súas subsidiarias, poderán saber que as persoas bolseiras teñen unha axuda para estudantes en contornas desfavorecidas e/ou presenten unha discapacidade.

Coa súa participación nesta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente,

sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación que figuran no artigo 6 RXPd. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal>, no apartado “Outros trámites”.
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rp@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de protección de datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dp@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Do mesmo xeito, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A política de privacidade do Banco Santander pódese consultar no seguinte enderezo web: <https://www.santanderopenacademy.com/es/legal/privacy.html>.

Disposición adicional primeira. Información

Poderá obterse máis información sobre esta convocatoria na Unidade de Emprego UDC da VEE (emprego.vee@udc.gal).

Campus da Coruña

Tel.:

881 01 29 03

881 01 29 16

Campus de Ferrol

Tel.:

881 01 36 17

881 01 36 18

881 01 36 16

Disposición derradeira primeira. Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Disposición derradeira segunda. Eficacia

Esta resolución producirá efecto a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

ANEXO I. Cláusula de protección de datos asociada ao Programa “Bolsas Santander Axuda Económica para Prácticas 2026 II Edición”

De conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos 679/2016, informamos de que os seus datos persoais serán tratados pola Universidade da Coruña, con sede na Mestranza, 9, 15001 A Coruña, co NIF Q6550005J, e enderezo de contacto na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes, campus de Elviña, 15071 A Coruña, en calidade de responsable do tratamento coa finalidade de xestionar a súa candidatura ao Programa “Bolsas Santander Axuda Económica para Prácticas 2026 II Edición” (a partir de agora o Programa) que se lles ofrece a persoas candidatas cun certo grao de discapacidade coa función de fomentar a formación e empregabilidade das persoas con discapacidade. É, por tanto, necesario que as persoas candidatas a algunhas das bolsas do Programa acrediten legalmente a súa discapacidade, pola contra, non poderán ser beneficiarias destas. A base xurídica que habilita a Universidade para o tratamento deste tipo de datos de carácter sensible é o consentimento expreso da persoa candidata para o tratamento dos seus datos de saúde, polo que este consentimento é obrigatorio para poder ser candidata a determinadas bolsas do Programa. Os seus datos persoais de saúde non serán cedidos pola Universidade a terceiros salvo por obriga legal.

Adicionalmente, indicámoslle que os seus datos persoais se conservarán unicamente ata que se xestionen as candidaturas ao Programa e que posteriormente se conservarán bloqueados durante os prazos establecidos legalmente para atender as posibles responsabilidades que xurdan do seu tratamento.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos e limitación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico: emprego.vee@udc.gal.

En calquera caso, as persoas interesadas sempre poderán acudir ante a Axencia Española de Protección de Datos, autoridade de control en materia de protección de datos, <http://www.agpd.es>.

— Consinto que a miña universidade trate os meus datos de discapacidade (considerados datos de saúde), coa finalidade de xestionar a convocatoria correspondente ao **Programa “Bolsas Santander Axuda Económica para Prácticas 2026 II Edición”**.

_____, __de _____ de ____

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura:

Para cubrir e asinar este documento pode descargalo na seguinte ligazón:

<https://www.udc.es/emprego/bolsas-complementos-practicas/>

ANEXO II: Modelo de xustificación de realización das prácticas obxecto da bolsa

Don/dona....., titor/a académico/a ou
persoa responsable do centro de estudos da Universidade da Coruña,

FAGO CONSTAR:

Que segundo os datos que constan en don/dona.
NOME e APELIDOS....., con NIF

- ☐ Está a realizar as prácticas externas
- ☐ Foi seleccionado/a para realizar as prácticas externas

Datos da práctica:

Nome da empresa:

Data inicio/data prevista inicio: dd/mm/aaaa

Data prevista fin: dd/mm/aaaa

Tipoloxía da práctica: curricular ou extracurricular

Remuneración da práctica: si/non

Asinado na Coruña na data da sinatura dixital.

Para cubrir e asinar este documento pode descargalo na seguinte ligazón:

<https://www.udc.es/emprego/bolsas-complementos-practicas/>